CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU – 2000/175 C/F P-1504400A

NÚMERO 1/2016

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2016.

Na Casa Consistorial do Concello de Malpica de Bergantiños de Bergantiños, sendo as 13.15 horas do día **19 de febreiro de 2016,** baixo a presidencia do señor alcalde **D. Eduardo José Parga Veiga,** reuniuse, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños, para os efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Ademais asistiron os tenentes da Alcaldía:

Don Miguel A. Fernández Mirás
Don Iago Espasandín Varela
Dona Noelia Freijeiro Novo
Dona María Soledad Blanco Gorín.

Interviu como secretaria : **Dona Mónica Pichel García**.

Despois de comprobar que se dá o quórum legalmente esixido para a válida constitución da sesión da Xunta de Goberno Local, a presidencia declara aberta e pásase ao estudo dos asuntos, logo da citación e rigoroso seguimento da

ORDE DO DÍA:

1º.- Aprobación acta sesión anterior: Acta nº 15 de 17 de decembro de 2015.

Todos os membros da Xunta de Goberno Local recibiron copia da acta sometida a aprobación, que se dá por lida.

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

A aprobación da acta da sesión ordinaria de 3 de decembro de 2015 tanto na súa redacción como no seu contido.

2º.- Xestión urbanística: Licenzas e autorizacións.

CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

2.A) Licencias e autorizacións.

➢ EXPEDIENTE 4N/2016. LICENZA DE OBRA MAIOR.

En data de 25.01.2016 se solicita a instancia de María Luisa Arcay Rey licenza urbanística para reforma de fachada de edificio sito en rúa Agros A, nº 29-Malpica de Bergantiños, cun orzamento (E.M.) de 7.369,27 euros, aportándose ao expediente a seguinte documentación:

1. Xustificante de pago de taxa municipal por expedición de licenza, 2 exemplares de proxecto básico e de execución suscrito polo arquitecto Felipe Nuñel Méndez, visado polo COAG en data de 13.01.2016 co nº 1600149,1..
2. Oficio de designación de dirección de obra suscrito por Felipe Nuñel Mëndez, visado polo COAG o día de 13.01.2016 co nº 1600149,2; Oficio de noemeamento de dirección de execución de obra a favor de Indalecio José Armán Barcia, arquitecto técnico visado polo COAATIE con data de 14.01.2016 co nº VN16000083 e Oficio de nomeamento de coordinador de seguridade e saúde a favor de Indalecio José Armán Barcia, visado polo COAATIE con data 14.01.2016 co nº VN16000084.
3. Cuestionario estadístico no impreso normalizado suscrito polos promotor e proxectista visado polo COAG en data de 13.01.2016 co nº 1600149,1.

En data de 3 de febreiro de 2016 emítese informe técnico favorable redactado polo ATM don Juan L. Arroyo Sobrino que a continuación se transcribe:

“INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS

1.-	**EXP. Nº:**	4N/2016
2.-	**REXISTRO ENTRADA:**	281
3.-	**DATA:**	25 xaneiro 2016
4.-	**SOLICITANTE:**	Dna. Mª Luisa Arcay Rey
5.-	**PROMOTOR:**	Dna. Mª Luisa Arcay REy
6.-	**TIPO DE OBRA:**	Obra Maior
7.-	**PROXECTISTA:**	D. Felipe Nuñel Mendez

8.-	**ORZAMENTO (E.M.):**	7.369, 27 €
9.-	**SITUACION:**	R/ Agros A, 29 – Malpica de Bergantiños
10.-	**ASUNTO:**	Licenza urbanística para reforma de fachada.

Vista a documentación existente, e unha vez feitas as comprobacións oportunas, paso a emitir o seguinte

INFORME

O presente emítese en base ó Proxecto técnico que, con entrada nestas dependecias en data 25 de xaneiro 2016, foi presentado neste Concello, adquirindo o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo responde o seu autor a tódolos efectos (art. 14.4, do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia).

DOCUMENTACIÓN BÁSICA OBRANTE NO EXPEDIENTE	
1.-	Copia de escrito con rexistro de entrada nº 281/16 de solicitude de licenza para Proxecto básico e de exucución de reforma de fachada.
2.-	Copia do impreso de liquidación de taxa por expedición de licenza de obra maior.
3.-	2 exemplares do referido proxecto básico e de execución, subscrito por D. Felipe Nuñel Mendez, arquitecto, visado polo COAG en data 13 de xaneiro 2016.
4.-	Oficio de desiñación de dirección de obra subscrito por D. Felipe Nuñel Mendez arquitecto, visado polo Colexio oficial de arquitectos (COAG) o día 13 de xaneiro 2016.
5.-	Oficio de nomeamento de dirección de execución de obra a favor de D. Indalecio Armán Barcia, arquitecto técnico, visado polo Colexio Oficial de aparelladores (COAAT) con data 14 de xaneiro de 2016.
6.-	Oficio de nomeamento de coordinador de seguridade e saude a favor de D. Indalecio Armán Barcia, visado polo COAAT en data 14 de xaneiro de 2016

7.-	Cuestionario estadístico de edificación e vivenda subscrito, polo proxectista e promotor visado polo COAG en data 13 de xaneiro 2016.

NORMATIVA BÁSICA DE APLICACIÓN	
1.-	Lei 9/2002 do 30 de decembro (DOG: 31/12/2002) de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións introducidas polas leis posteriores (LOUG).
2.-	Normas subsidiarias e complementarias do planeamento do Termo Municipal de Malpica, T.R. aprobado o 6 de abril de 1995 (DOP. 30/05/1995).

CUMPRIMENTO DA NORMATIVA URBANÍSTICA VIXENTE, SEGUNDO DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:		
1.-	REFERENCIA CATRASTRAL:	5468205NH1956N0001
2.-	CLASE DE SOLO:	Solo urbano
3.-	CATEGORÍA DO SOLO:	Consolidado *
4.-	ORDENAZA DE:	Solo Urbano Residencial de Edificación entre Medianeras (URME).

*** É de aplicación o apartado b. da Disposición Transitoria Primeira: Rexime aplicable os municipios co Planeamento non adaptado.**

NORMATIVA	**ORDENANZA**	**PROXECTO** (según memoria e documentación	**CUMPRE**

PRINCIPALES / PARÁMETROS				gráfica aportada)	
1.	**USOS**	PRINCIPAL	Residencial de vivenda 2ª categoría.	Residencial de vivenda 2ª categoria	SI
		PERMITIDOS	Otros	Garaxe	SI
2.	**TIPOLOXIA**		Edificación entre medianeras	Edificación entre medianeras	SI
3.	**PARCELA MINIMA**		A catastral	A catastral	SI
4.	**FONDO MÁXIMO**	P. BAIXA	25 m.	< 25 m.	SI
		P. ALTAS	18 m.	< 18 m	SI
5.	**ALIÑACIÓNS**		As sinaladas no plano de rede viaria, alineacións e rasantes.	As sinaladas no plano de rede viaria, alineacións e rasantes.	SI
6.	**RASANTES**		As sinaladas no plano de rede viaria, alineacións e rasantes.	As sinaladas no plano de rede viaria, alineacións e rasantes.	SI
7.	**Nº DE PLANTAS**		B+3 PL+BC	B+3	SI
8.	**ALTURA MÁXIMA**		13,10	<13,10	SI

NORMATIVA / PRINCIPALES PARÁMETROS			ORDENANZA	PROXECTO (según memoria e documentación gráfica aportada)	CUMPRE
9.	**VOOS**	_____	_____	____	____
		H ≥ 4,50 m.	V< 1/10R/Max. 1 m.	V <1/10R (max:1 m.)	SI
10.	**GARAXE**	CATEGORÍA	1ª – 3ª	1ª	SI
		MODALIDADE	III	III	SI
		Nº PRAZAS	No Preceptivo	1	SI
11.	**SERVIZOS URBANÍSTICOS EXISTENTES**		-Abastecemento auga -Suministro enerxia electrica -Acceso rodado público -Evacuación augas residuais -Alumeado público	-Abastecemento auga -Suministro enerxia electrica -Acc. rodado público -Evacuación augas residuais -Alumado público	SI SI SI SI SI

SEGURIDADE

- Achega xustificación de cumprimento de CTE:
  - DB-SE Seguridade estructural
  - DB-SI Seguridade no caso de incendio
  - DB-SU Seguridade utilización e accesibilidade

SALUBRIDADE

- Achega xustificación de cumprimento de CTE:
  - DB-HS Salubridade

HABITABILIDADE

- Achega xustificación de cumprimento:
  - Decreto 29/2010 NHV

ACCESIBILIDADE

- Lei 8/1997.- Decreto 35/2000. No son de aplicación

SEGURIDADE E SAUDE

- Achega estudio básico de seguridade e saúde

TELECOMUNICACIÓNS

- R.D. 346/2011. Non é de aplicación

AFECCIÓNS

- Non se coñecen

AUTORIZACIÓNS DOUTROS ORGANISMOS

- Non son necesarias

En base ao anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE o solicitado coas seguintes condicións:

PLAZOS (*)

⇨ De comenzo das obras: 6 meses
⇨ De execución: 3 anos.”

Visto o informe de secretaría emitido ao respecto en data de 17.02.2016 e composto de 5 páxinas asinadas pola secretaria, informe do que se da conta na respectiva sesión.

Visto o informe favorable emitido por BERMOR ABOGADOS S.L. en data de 10 de decembro de 2015(R.E. nº 5025 de 10.12.2015) composto de 5 páxinas ante un expediente similiar (6N/2014, sesión de XGL de data de 11.12.2015), e en coherencia co criterio seguido a este respecto pola XGL en supostos similares de conformidade co informe técnico favorable emitido..

A Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións conferidas mediante resolución nº 336/2015 de 26 de xuño de 2015, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes na sesión, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Conceder a licenza urbanística solicitada por María Luisa Arcay Rey para Reforma de fachada de edificio sito en rúa Agros A, nº 29 Malpica de Bergantiños (obra cun orzamento (E.M.) de 7.369,27 euros, e que se executará conforme a proxecto básico e de execución suscrito polo arquitecto Felipe Nuñel Méndez, visado polo COAG en data de 13.01.2016 co nº 1600149,1.e conforme ás condicións xerais e conforme aos condicionados particulares que de seguido se indican:

CONDICIÓNS PARTICULARES:

1.- PRAZOS:

a- INICIO DAS OBRAS: As obras iniciaranse no prazo máximo de SEIS MESES contados a partir da recepción da notificación da concesión da Licencia de obras**.**

b- FINALIZACIÓN DAS OBRAS: O prazo límite para executar as obras fíxase en TRES ANOS a contar a partir da recepción da notificación da concesión da Licencia de obras.

CONDICIÓNS XERAIS

1.- As obras iniciaránse no prazo indicado nas condicións particulares da licencia quedando totalmente rematadas dentro do período de validez da licencia. O transcurso dos prazos indicados na licencia determinarán causa de caducidade da licencia outorgada por demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

2.- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licencia por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

4.- A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

5.- Antes de escomenzar as obras deberáse efectuar o replantexo das mesmas, así como a firma do acta de aliñacións e rasantes, de mutuo acordo entre os técnicos municipais, o director das obras e a propiedade.

6.- Deberánse ceder gratuitamente ó Concello os terreos destinados a viales fora das aliñacións establecidas no planeamento e completar a urbanización necesaria para que a parcela que se pretende edificar teña, se ainda non a tivese, a condición de sar.

7.- A presente licencia outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e do interese público, cos efectos previstos nos artigos 10 e 12 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais e demais normas de aplicación.

8.- Tódalas obras de nova planta deberán incorporar ó seu comenzo un cartel que se instalará nun lugar da obra visible con claridade desde a rúa e có seguinte texto:

EDIFICIO DE....

OU VIVENDA UNIFAMILIAR...

OU NAVE INDUSTRIAL...

LICENCIA DE OBRA NÚMERO:EXPTE 33/2004

PROMOTOR:

ARQUITECTO:

APARELLADOR:

PLANTAS AUTORIZADAS:

ALTURA EN LIÑA DE FACHADA:

As dimensións do cartel serán de 80x110 cm.

No caso de incumprimento, o Concello procederá á instalación do devandito cartel por parte da Brigada de obras a súa costa e todo elo sen prexuizo da imposición da multa correspondente.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

3º.- Expediente relativo a axudas de emerxencia social.

A) Axuda de emerxencia social (sufragar os gastos derivados de aluguer de vivenda habitual a favor do/a usuario/a SIUSS nº1504301000174) Expediente 1/2016.

1.-Logo de ver o informe dos servizos sociais do Concello no que se valoran a concesión da axuda para gastos de alimentación de data de 14 de xaneiro de 2016 para sufragar os gastos derivados de aluguer de vivenda habitual.

2.- Logo de ver a proposta da Alcaldía para a concesión da axuda de data de 16 de febreiro de 2016.

3.- Logo de ver o informe favorable de fiscalización da axuda pola intervención de data de 16 de febreiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada por resolución de alcaldía nº 336/2015 de 26 de xuño, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro: Outorgar, con cargo á partida 231.480.00 do orzamento de gastos da corporación, a seguinte subvención a:

ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA AXUDA	IMPORTE
sufragar os gastos para vale de alimentos a favor do/a usuario/a SIUSS nº1504301000174) Expediente 1/2016.	300 €

Segundo: Comunicar o/a interesado/a que presente a documentación xustificativa da axuda concedida.

B) Axuda de emerxencia social (sufragar os gastos derivados de aluguer de vivenda habitual a favor do/a usuario/a SIUSS nº1504301001367) Expediente 2/2016.

1.-Logo de ver o informe dos servizos sociais do Concello no que se valoran a concesión da axuda para gastos de alimentación de data de 12 de febreiro de 2016.
para sufragar os gastos derivados de aluguer de vivenda habitual.

2.- Logo de ver a proposta da Alcaldía para a concesión da axuda de data de 16 de febreiro de 2016.

3.- Logo de ver o informe favorable de fiscalización da axuda pola intervención de data de 16 de febreiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada por resolución de alcaldía nº 336/2015 de 26 de xuño, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro: Outorgar, con cargo á partida 231.480.00 do orzamento de gastos da corporación, a seguinte subvención a:

ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA AXUDA	IMPORTE
sufragar os gastos para vale de alimentos a favor do/a usuario/a SIUSS nº1504301001367) Expediente 2/2016.	300 €

Segundo: Comunicar o/a interesado/a que presente a documentación xustificativa da axuda concedida.

C) Axuda de emerxencia social (sufragar os gastos derivados de aluguer de vivenda habitual a favor do/a usuario/a SIUSS nº1504301001215) Expediente 3/2016.

1.-Logo de ver o informe dos servizos sociais do Concello no que se valoran a concesión da axuda para gastos de alimentación de data de 5 de febreiro de 2016.
para sufragar os gastos derivados de aluguer de vivenda habitual.

2.- Logo de ver a proposta da Alcaldía para a concesión da axuda de data de 16 de febreiro de 2016.

3.- Logo de ver o informe favorable de fiscalización da axuda pola intervención de data de 16 de febreiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada por resolución de alcaldía nº 336/2015 de 26 de xuño, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro: Outorgar, con cargo á partida 231.480.00 do orzamento de gastos da corporación, a seguinte subvención a:

ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA AXUDA	IMPORTE
sufragar os gastos para vale de alimentos a favor do/a usuario/a SIUSS nº1504301001215) Expediente 3/2016.	300 €

Segundo: Comunicar o/a interesado/a que presente a documentación xustificativa da axuda concedida.

E non habendo máis intervencións nin sendo outro o obxecto do presente acto, pola alcaldía levántase a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do día indicado ó comenzo , redactándose a presente acta, da que como secretaria dou fé.

O alcalde **A secretaria**

Asdo: Eduardo José PargaVeiga **Asdo: Mónica Pichel García**